

BASES QUE DEBEN REXIR A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NO CAMPAMENTO URBANO MUSICAL DE SEMANA SANTA 2026

Primeira.- Obxecto

O Concello de Salceda de Caselas presenta esta actuación en colaboración coa ANPA Altamira e coa Asociación Amigos da Música Salceda de Caselas, con accións destinadas ao coidado e acompañamento de menores entre os tres e os doce anos de idade.

O obxectivo principal destas actividades é favorecer a conciliación e o desenvolvemento dos e das menores participantes a través da coeducación en igualdade. Para isto desenvolveranse experiencias recreativas especialmente vinculadas coa música que favorezan a aprendizaxe, a socialización e o respecto en relacións e en igualdade eliminando os roles de xénero preestablecidos.

Esta acción está cofinanciada polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero do Ministerio de Igualdade.

Segunda.- Servizo

O “**Campamento Urbano Musical**” de Semana Santa 2026 presentarse nas seguintes instalacións e períodos:

Lugar: 1º andar dos Servizos Sociais (antigo centro de Saúde)

Datas: 30 e 31 de marzo e 1 e 6 de abril.

Horario: 9.00h a 14.00h Aula madruga: 8.00h Aula tardía: ata as 15.00h

A entrada poderá facerse de maneira escalonada entre as 9.00h e as 9.30h igual que a saída entre as 13.30h e as 14.00.

Idades: dende os 3 ata os 12 anos de idade.

Obxectivos:

- Favorecer a conciliación familiar e laboral durante os períodos estivais.
- Utilizar a música como ferramenta educativa e de expresión achegando referentes musicais femininos.
- desfeminizar os coidados e fomentar as novas masculinidades.
- Fomentar a convivencia e o traballo en equipo a través do desenvolvemento da creación artística.
- Promover o desfrute activo do tempo libre.
- Utilizar a igualdade e a lingua galega de xeito transversal no desenvolvemento das actividades.

REQUISITOS DE ACCESO AO SERVIZO

Serán beneficiarias a infancia e xuventude con padrón no Concello de Salceda de Caselas.

As prazas adxudicaranse por orde de chegada no rexistro do Concello.



Teceira.- Presentación de solicitudes.

As solicitudes realizaranse a través do rexistro municipal do Concello de Salceda de Caselas ou a través da sede electrónica adxuntando o formulario de solicitude debidamente cumplimentado e o resto de documentación solicitada. Será preciso realizar unha solicitude por cada menor.

O modelo de solicitude de admisión poderá obterse no rexistro municipal do Concello ou na web do Concello de salceda de Caselas.

O prazo de presentación de solicitude será dende o luns 16 de marzo.

Os modelos de solicitude que non estean debidamente cumplimentados poderán ser excluídos do proceso de selección de participantes.

As solicitudes que entren antes de comezar o prazo de inscrición pasarán a colocarse ao final do listado.

Cuarta.- Documentación.

- a) DNI do pai, nai ou representante legal.
- b) DNI ou documentación identificativa do ou da menor.

Quinta.- Adxudicación de prazas.

As prazas serán adxudicadas por orde de entrada no rexistro municipal.

Publicación de prazas concedidas: O listado de persoas admitidas en cada quenda publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do mesmo.

Sexta.- Baixas.

Serán causa de baixa:

-Baixa voluntaria da familia.

-A non incorporación xustificada ao mesmo.

-Non notificar no modelo de solicitude de admisión si o ou a menor ten algunha alerxia, intolerancia, enfermidade, discapacidade ou característica que os e as profesionais deban coñecer para garantir a seguridade e Benestar da crianza.

-A comprobación de falsidade na documentación aportada.

-A non asistencia sen causa xustificada en máis de dúas ocasións.

-O incumprimento nos horarios de recollida das crianzas. A recollida só poderá realizarse pola nai, pai, titor/a legal ou persoa previamente autorizada no modelo de solicitude de admisión presentado no rexistro.

O incumprimento reiterado de normas de convivencia do/da menor ou das familias que dificulten e poñan en risco o bo desenvolvemento da actividade de ocio.

